

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 18/03/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
SONIA OUTÓN CASAL
LINO MOURIÑO SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18/03/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11-mar-2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/0806

Dáse conta do escrito presentado por D. Noberto Diego Camba Mondragón titular da farmacia sita na Avda de Rubiáns, solicitando o regulamento do estacionamento na Avda de Rubiáns nº5, a fin de deixar libre o aparcamento para as persoas que desexen facer uso da farmacia.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se remitirá a solicitude ao Ministerio de Fomento titular da estrada, para que adopte o acordo que proceda.

PRP2024/0847

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar o contrato menor para a reposición e reparación do pavimento de adoquin na intersección entre a rúa Juan Francisco Fontán coa rúa Méndez Núñez, a Moncosa OHS, S.A., por un importe total de 2.461,14€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-210, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0873

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, Medio Ambiente e Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SEGURLAIN 2020 SL para

o subministro de roupa de traballo e EPIS para o novo persoal contratado para a posta en marcha do "Plan Mais Provincia, Concello de Vilagarcía de Arousa 2024 Líña 3 Activación do Emprego", por un importe total de 6.182,37€ (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 171.22104, por importe total de 749,38€ (IVE incluído), para o Servizo de Parques e Xardíns (4 traballadores/as).
- Con cargo á partida 1720.22104, por importe total de 936,72€ (IVE incluído), para o Servizo de Medio Ambiente (5 traballadores/as)
- Con cargo á partida 1530.22104, por importe total de 3.746,89€ (IVE incluído), para o Servizo de Vías Públicas (20 traballadores/as).
- Con cargo á partida 165-22104, por importe total de 749,38€ (IVE incluído), para o Servizo de Alumeado Público(4 traballadores/as)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0877

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a ampliación dos traballos de reparación das tubaxes de saneamento na intersección das rúas Castor Sánchez, con Romero Ortiz e Alcalde Rey Daviña, a Moncosa, S.A., por un importe total de 12.005,62€ (IVE incluído), con cargo á partida 160-210, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0938

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Concepción Marcos Ramos solicitando a colaboración municipal para a instalación de fibra óptica na Rúa Pío XII.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitud á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

PRP2024/0939

Dáse conta do escrito presentado por Don José Antonio Rial Rey solicitando a colaboración municipal para a instalación de fibra óptica na Rúa 9 Rosaleda.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitud á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

PRP2024/0940

Dáse conta do escrito presentado por Dona M^a Luisa Búa Diz solicitando a colaboración municipal para a instalación de fibra óptica na Rúa 9 Rosaleda.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitud á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de

Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

PRP2024/0941

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música e un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en arzobispo Gelmirez nº36, os días 27, 28, 29 e 30 de marzo.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O horario será de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 23:30
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/0942

Dáse conta do escrito da Autoridade Portuaria, en contestación á solicitude formulada polo Concello de Vilagarcía en cumprimento do acordo plenario para uso de espazos portuarios como aparcamento, non autorizando o uso dos espazos portuarios de acceso restrinxido na zona da rampa do Cavadelo como aparcamento, xa que suporía un risco ao tratarse de zona con rampas de varada e embarcacións, con risco de esvaramento e caída de vehículos ao mar. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/0943

Dáse conta do escrito da Consellería de Facenda e Administración Pública, solicitando documentación para tramitar a solicitude de cesión de uso por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa dunha zona do inmovible situada na Avda. de Matosinhos, para os servizos de inspección de Saúde, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar unha reunión entre o Concello de Vilagarcía e o Secretario Xeral Técnico e de Patrimonio da Consellería de Facenda, para tratar o tema.

PRP2024/0963

Dáse conta do seguinte informe do director da área de Comunicación:

A Xunta de Goberno Local aprobou, na súa sesión do 26 de febreiro os gastos previstos no LIX Concurso-Exposición Internacional da Camelia, a celebrar os días 2 e 3 de marzo. Entre eses gastos estaban as esculturas/trofeos para entregar aos premiados. Sen embargo, unha vez recibidas, comprobouse que faltaba unha da categoría "ouro" e había unha máis na de "bronce", que, sen embargo, logo si fixo falta posto que se fixera o reconto de categorías de xeito erróneo. En definitiva, foi necesario encargar unha escultura/trofeo máis, na categoría "ouro", polo que a

Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Fundiciones Rey, S.L. por importe de 232,32€ (IVE engadido), con cargo á partida 334-22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2024/0831

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 29 de febreiro de 2024, por un importe total de 8.250,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓNS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	1100,00 €
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1000,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1050,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1000,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	500,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
TOTAL							8250,00 €

PRP2024/0832

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos

retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de xaneiro de 2024, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xaneiro
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL	7.700,00 €			

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/1002

Dende a área de Servizos Sociais dáse conta da avaliación da anualidade 2023 do Centro de Servizos Sociais e da presentación en data 14/03/2023 da xustificación da transferencia finalista do cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios (PLAN CONCERTADO 2023- Expdte. BS623A 2023/000307-0) con números de rexistro en sede electrónica da Xunta de Galicia:

E 719016 / RX 899173

E 719018 / RX 899176.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a citada xustificación e avaliación anual.

PRP2024/1040

Sobre a solicitude á Consellería de Política Social de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal (Plan Concertado), dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto 99/2012, do 16 de marzo (D.O.G. nº 63 do 30 de marzo de 2012), pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica (DOG nº 228, de 27 de novembro de 2014); e preséntanse para a súa aprobación o financiamento a solicitar nos seguintes termos:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería Política Social, segundo se reflicte no rexumo xeral do anexo V, a transferencia finalista para o financiamento de:

PERSOAL	€		
MANTEMENTO	228.795,00€		
AXUDA NO FOGAR	Modalidade	Prestación	Modalidade
	Básica		Dependencia
	10.000,00 €		787.536,00 €
XESTIÓN	DE	0,00 €	

PROGRAMAS	
INVESTIMENTO	0,00 €
TOTAL SOLICITADO	1.026.331,00 €

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

PERSONAL	463.656,13 €		
MANTEMENTO	10.000,00 €		
AXUDA NO FOGAR	Modalidade	Prestación	Modalidade
	Básica		Dependencia
	104.307,20		526.374,72€
XESTIÓN DE PROGRAMAS	1.389.813,33 €		
INVESTIMENTO	0,00 €		
TOTAL COFINANCIADO	2.494.151,38 €		

TERCEIRO: En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2024 é o seguinte:

PERSONAL	692.451,13 €		
MANTEMENTO	10.000,00€		
AXUDA NO FOGAR	Modalidade	Prestación	Modalidade
	Básica		Dependencia
	114.307,20 €		1.319.910,72 €
XESTIÓN DE PROGRAMAS	1.389.813,33 €		
INVESTIMENTO	0,00 €		
TOTAL	3.520.482,38 €		

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de transferencia cos datos indicados.

EMPREGO

PRP2024/0948

Vístqa a proposta da Directora do Obradoiro Dual de Emprego "Forme 2023", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona María José Rial Rey para a impartición da actividade complementaria "Sensibilización Ambiental" ao alumnado das especialidades de Albanería e Carpintería do Obradoiro, cunha duración total de 9 horas, por un importe total de 230,00 €, con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0936

Dáse conta do Fallo do xurado dos Premios do Concurso de Iniciativas Emprendedoras 2023-24 do Concello de Vilagarcía.

Reunido o xurado emite as valoracións que constan no acta que figura no expediente logo da exposición dos 10 proxectos seleccionados para o Acto final celebrado no Salón de Plenos do

Concello de Vilagarcía de Arousa o 28/02/2024, emite o seguinte FALLO:

1º PREMIO. Proxecto: Aural Ecology Titular: Laura Carro Lago

2º PREMIO. Proxecto: Longa Music LAB Titular: Victoria Longa Sayans

3º PREMIO. Proxecto: La Aceituniña Titular: Raquel Albaladejo Bermejo.

A dotación dos premios é a que se indica, con cargo ao exercicio 2024:

Primeiro premio: 8.000,00€

Segundo premio: 5.000,00€

Terceiro premio: 3.000,00€

A entrega das cantidades outorgadas en concepto de premio, quedará condicionada á non existencia de débedas do participante co Concello de Vilagarcía de Arousa, así coma coa Facenda Galega (ATRIGA) a do Estado (AEAT) e a Seguridade Social, e Conforme á lexislación vixente, será retida a porcentaxe vixente de IRPF.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago das cantidades outorgadas en concepto de premio aos tres Proxectos galardoados, con cartgo á partida 241.48100:

- 1º premio (8.000 €): Proxecto "Aural Ecology", Titular: Laura Carro Lago, NIF: 35629741G

- 2º premio (5.000 €): Proxecto Longa Music Lab, Titular: Victoria Longa Sayans, NIF: 35484702A

- 3º premio (3.000 €): Proxecto "La Aceituniña", Titular: Raquel Albaladejo Bermejo, NIF: 11842740V

PRP2024/0669

Dáse conta de proposta da Concellería de Promoción Económica de aprobación de Memoria Valorada para a realización de obras de "Acondicionamento de espazos e mellora da accesibilidade nas areas e zonas comerciais" dentro do marco da Orde ICT/949/2021, do 10 de setembro, modificada pola orde ICT/99/2023, do 31 de xaneiro, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, e procédese á súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No marco da convocatoria arriba indicada, o enxeñeiro técnico industrial ao servizo do Concello de Vilagarcía, Óscar Álvarez González, redactou memoria valorada para a realización das obras de acondicionamento de espazos e mellora da accesibilidade en áreas e zonas comerciais, que levarán a cabo na contorna da praza de abastos por un orzamento (IVE INCLUÍDO), de 34.096,17 €.

De acordo coa Resolución ditada polo Director Xeral de Política Comercial, de concesión de apoio financeiro, de data 19 de outubro de 2022, o presente contrato financiarase con cargo ao concepto subvencionable "Gastos referidos a transformación do punto de venda". Obras de acondicionamento de espazos e mellora da accesibilidade nas áreas e zonas comerciais, que conta cun orzamento financiable de 28.178,65 €.

Tal como establece a memoria valorada, deberase solicitar autorización a Augas de Galicia dependente da Consellería de infraestruturas e mobilidade ao estar a zona de actuación dentro da zona de Policía del Río Con.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a memoria valorada para a realización das obras de "Acondicionamento de espazos e mellor da accesibilidade nas áreas e zonas comerciais (Entorno da Praza de Abastos), por un importe de licitación de 34.096,17 € (IVE incluído), con cargo á partida 4311.6270018.

PRP2024/0621

Dáse conta do expediente para adxudicación do contrato menor de servizos "Programa de Tutorización para a mellora competitiva do Comercio Local, dentro do marco da Orde Orde ICT/949/2021, do 10 de setembro, modificada pola orde ICT/99/2023, do 31 de xaneiro, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, e procédese á súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCÍA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O proxecto "Vilagarcía Viva. Proxecto de mellora, revitalización e resiliencia de mercado tradicionais e zonas comerciais urbanas" no que se enmarca a presente actuación, está cofinanciado polo Ministerio de Economía, Comercio e Empresa nun 80% con cargo ao PRTR e nun 20% polo Concello de Vilagarcía de Vilagarcía de Arousa.

O orzamento base de licitación, sen IVE é de 14.500,00 €, e de 17.545,00 € (IVE incluído).

Para poder levar a cabo este servizo solicitaronse orzamentos ás empresas seguintes:

- CDF CONSULTORÍA Y GESTIÓN FORMATIVA SL (B06828834)
- FORMATEC MULTISECTORIAL SLNE (B94052164)
- JAVIER VARELA GONZÁLEZ (DNI 44080599H)

Na solicitude de oferta remitida ás empresas se lles deu traslado dos criterios de adxudicación.

Dentro do prazo concedido a efectos de remisión de ofertas, as citadas empresas remitiron os orzamentos que figuran unidos ao expediente.

Revisada a documentación remitida, o resultado da valoración de ofertas é o seguinte:

EMPRESA	PREZO	MELLORA	PUNTUAC. CALIDADE TÉCNICA	PUNTUAC. REZO	PUNTUAC. MELLORA	TOTAL
CDF CONSULTORÍA Y GESTIÓN FORMATIVA S.L.	13.990,00 €	- Incremento de 3 sesións. - Material entregable en formato dixital e papel	48 puntos	2,04 puntos	42 puntos	92,04 puntos
FORMATEC MULTISECTORIAL S.L.N.E.	-	-	-	-	-	-
JAVIER VARELA GONZÁLEZ	12.000,00 €	- Incremento de 3 sesións - Material entregable en formato dixital e papel	38 puntos	10 puntos	42 puntos	90 puntos

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de Servizos "Programa de Tutorización para Mellora Competitiva do Comercio Local" á Empresa CDF CONSULTORÍA Y GESTIÓN FORMATIVA S.L., polo importe de 13.990,00 € (sen IVE) e 16.927,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 4311.2261018.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/0861

Dáse conta da xustificación á Deputación Provincial correspondente ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023– Liña 2 Gasto corrente novo, por importe 18.181,00 € para gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música, ascendendo os gastos totais a 25.247,89 €.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: A aprobación da Conta Xustificativa correspondente á subvención concedida a este Concello pola Deputación Provincial para os gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música para o ano 2023, polo importe total de 25.247,89 € sendo o importe concedido de 18.181,00 € e cun orzamento de 19.000,00 € ao abeiro da Liña 2.3 Gasto Corrente novo do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2020) segundo o disposto na base 16ª da convocatoria.

Partida orzamentaria	Concepto	Importe orzamento	Importe xustificado
3261.22100	Enerxía eléctrica	1.500,00 €	6.194,25 €
3261.22700	Limpeza e aseo	17.500,00 €	19.053,64 €
TOTAL		19.000,00 €	25.247,89 €

Segundo: Autorizar a remisión da documentación correspondente para a xustificación de dita subvención ante a Deputación Provincial.

PRP2024/0874

A EEI Aralde – Sobrán realizou, con cargo aos gastos de funcionamento da propia escola a retirada do mobiliario da cociña (mesado e mobles) así como a cambota, lavadoiro e pasapratos de obra. Tamén acondicionouse o espazo e redistribuíronse os espazos tirando tabiques (co debido informe do arquitecto municipal) e pintando, co fin da utilización do espazo por parte do alumnado e docentes.

Toda esta obra realizouse con cargo a gastos propios da Escola para poder utilizar a 2ª planta, posto que o número de alumnado creceu nos últimos anos e os espazo xa quedaba pequeno.

Ao aumentar o espazo útil, solicítase a ampliación no tempo de limpeza durante os meses de abril, maio, xuño, setembro, outubro, novembro e decembro de 2024. O importe mensual serían 290'40€ (IVA incluído), o que farían un total de 2.032'8€ (IVA incluído) para os 7 meses lectivos entre abril e decembro 2024.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CLECE SA, para ampliación de limpeza ordinaria por aumento do servizo a prestar na 2ª planta do EEI Aralde-Sobrán, por un importe mensual de 290,40 € (IVE incluído), dando un total para o resto do ano 2024 de 2.032,80 € (IVE incluído) (7 meses lectivos) con cargo á partida 320.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0875

A EEI Aralde – Sobrán realizou, con cargo aos gastos de funcionamento da propia escola a

retirada do mobiliario da cociña (mesado e mobles) así como a cambota, lavadoiro e pasapratos de obra. Tamén acondicionouse o espazo e redistribuíronse os espazos tirando tabiques (co debido informe do arquitecto municipal) e pintando, co fin da utilización do espazo por parte do alumnado e docentes.

Toda esta obra realizouse con cargo a gastos propios da Escola para poder utilizar a 2ª planta, posto que o número de alumnado creceu nos últimos anos e os espazo xa quedaba pequeno.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CLECE SA, para a realización dun servizo de limpeza extraordinaria motivado polas obras na 2ª planta do EEI Aralde - Sobrán, por un importe total de 75,78 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22700.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0927

Está previsto que o vindeiro luns 22 de abril se presente perante os medios de comunicación a VII edición do Festival Internacional de Música clasclás.

Que ata o de agora a financiación do festival vense realizando maiormente con recursos propios así como a través do Plan Máis Provincia (antigo Plan Concellos) e de aportacións privadas.

O proxecto desta VII edición, aprobado pola XGL na sesión do 12/02/2024, foi elaborado co obxectivo de cumprir os requisitos expostos en diferentes convocatorias de axudas públicas para a financiación de eventos como o clasclás, tanto da Comunidade Autónoma coma do Ministerio de Cultura a través do Instituto nacional de Artes Escénicas e Musicais – INAEM - , e segundo o exposto nas convocatorias de anos anteriores.

Con data de 9 de marzo de 2024 o BOE ven de publicar o “Extracto de la resolución de 7 de marzo de 2024 del Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música por la que se convocan ayudas a la danza, la lírica y la música correspondientes a 2024”. Desde a Dirección do Festival desexase presentar solicitude de axuda perante o INAEM para financiar parte dos gastos derivados da celebración da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024 na Modalidade B Ayudas a la lírica y la música, B3.Programas de apoyo a festivales, muestras, certámenes y congresos de lírica y música.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de axuda económica perante o Instituto Nacional das Artes Escénicas e Musicais – INAEM – ao abeiro da “Resolución de 7 de marzo de 2024 por la que se convocan ayudas a la danza, la lírica y la música correspondientes a 2024” e polo importe de 10.000,00 €.

Segundo.- Autorizar á Dirección do Festival a realizar os trámites precisos para a presentación de dita solicitude.

PRP2024/0928

Está previsto que o vindeiro luns 22 de abril se presente perante os medios de comunicación a VII edición do Festival Internacional de Música clasclás.

Ata o de agora a financiación do festival vense realizando maiormente con recursos propios así como a través do Plan Máis Provincia (antigo Plan Concellos) e de aportacións privadas.

O proxecto desta VII edición, aprobado pola XGL na sesión do 12/02/2024, foi elaborado co obxectivo de cumprir os requisitos expostos en diferentes convocatorias de axudas públicas para a financiación de eventos como o clasclás, tanto da Comunidade Autónoma coma do Ministerio

de Cultura, e segundo o exposto en convocatorias de anos anteriores.

Con data de 9 de marzo de 2024 o BOE ven de publicar o “Extracto de la resolución de 7 de marzo de 2024 del Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música por la que se convocan ayudas a la danza, la lírica y la música correspondientes a 2024”.

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de axuda económica de 30.000 € a través dun convenio de colaboración perante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, para desenvolver as actividades derivadas da celebración da VII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024, que terá lugar en Vilagarcía de Arousa o vindeiro mes de xuño de 2024.

Dita axuda resulta necesaria e imprescindible co obxectivo de optar e acadar ás axudas que ten convocado o INAEM para o ano 2024, en igualdade de condicións con outros eventos de formato similar da nosa Comunidade Autónoma que asinan un convenio de colaboración coa Consellería a través do que reciben subvencións de ata 30.000 €.

PRP2024/0929

Dáse conta de informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música no que se indica que debde o Festival clasclás, ten coñecemento desde hai tempo da existencia da Asociación Española de Festivales de Música clásica, FestClásica, con CIF G23622657 e enderezo en Plaza Mayor nº 7 , 42001 Soria, e considera apropiado pertencer á citada Asociación.

Desde a coordinación de FestClásica comunican que será preciso aboar unha aportación económica estipulada en 1.000,00 € anuais para cada festival asociado. Desde hai anos esta cota ten unha redución do 50 % para aqueles festivais cun orzamento inferior aos 100.000,00 €, polo que no caso do Festival Internacional de Música clasclás, e no suposto de ser aceptados, a cota polo de agora sería de 500,00 € anuais.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar á Dirección do Festival clasclás para a realización da solicitude de adhesión do Festival Internacional de Música clasclás perante á Asociación Española de Festivales de Música clásica, FestClásica con CIF G23622657, coa remisión da documentación precisa requerida pola dita Asociación.

No caso de ser aceptados na Asociación, deberáse proceder por parte da Dirección do Festival clasclás a realizar a correspondente proposta de retención de crédito do festival para o ano 2024.

PRP2024/0935

Contra os principais problemas ambientais a nivel global estanse a facer grandes esforzos tanto en materia de lexislación como de concienciación. Nas Rías Baixas é alarmante a redución da grande biodiversidade que existiu historicamente nun dos ecosistemas máis ricos do planeta como é o “Bosque Atlántico”, e corríxilo é a tarefa que nos corresponde.

Propónse levar a cabo unhas charlas que se están a desenvolver en todos os Concellos das Rías Baixas co fin de espertar no alumnado o interese pola natureza, sensibilizar sobre a importancia de recuperar o bosque atlántico por ser un dos hábitats máis ricos do planeta, e entender o valor cultural, histórico e identitario da paisaxe e cómo afecta na nosa calidade de vida.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. J Marcos Guidanes Figueiras, por un importe total de 725,00 € (IVE exento) para o desenvolvemento do Programa de Educación Ambiental para centros educativos, no que se realizarán actividades en 6 colexios públicos do municipio con alumnado de 6º de Educación Primaria, con cargo á partida 320.22499.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS

PRP2024/0949

Dáse conta da solicitude de Don Oscar Felipe Pomares Charlín, de cambio de titularidade o seu nome, do posto 63 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, do que é concesionaria Dona Luisa Fernández Fernández.

Visto o informe do Xefe de Mercados, no que se indica que o Sr. Pomares Charlín curmpiu o proceso de transmisibilidade da concesión, de conformidade co preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos, como son o acordo de Xunta de Goberno Local, de data 20-11-2023 e a exposición ao público no Taboleiro da Sede Electrónica deste Concello, do 30 de xaneiro ao 19 de febreiro de 2024 (15 días).

Así mesmo aporta o xustificante de pago da liquidación, por importe de 900 € en concepto de traspaso da concesión do posto nº 63 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade a favor de D. Felipe Pomares Charlín do posto nº 63 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, polos anos que queden de vixencia da concesión (dende o acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 24-06-2002, data de adxudicación á anterior concesionaria Dona Luisa Fernández Fernández), correspondendolle por tanto vinteseite anos de concesión.

PRP2024/0950

Dáse conta da solicitude de Don Oscar Felipe Pomares Charlín, de cambio de titularidade o seu nome, dos postos 61 e 62 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionaria Dona M^a Carmen Fernández Fernández.

Visto o informe do Xefe de Mercados, no que se indica que o Sr. Pomares Charlín curmpiu o proceso de transmisibilidade da concesión, de conformidade co preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos, como son o acordo de Xunta de Goberno Local, de data 20-11-2023 e a exposición ao público no Taboleiro da Sede Electrónica deste Concello, do 30 de xaneiro ao 19 de febreiro de 2024 (15 días).

Así mesmo aporta o xustificante de pago da liquidación, por importe de 1.800 € en concepto de traspaso da concesión dos postos nº 61 e 62 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade a favor de D. Felipe Pomares Charlín dos postos nº 61 e 62 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, polos anos que queden de vixencia da concesión dende a data de adxudicación á anterior concesionaria Dona M^a Carmen Fernández Fernández:

- Comisión Municipal de Goberno de 12-05-1997: Adxudicación do posto 61, correspondendolle por tanto vintecatros anos de concesión.
- Comisión Municipal de Goberno de data 04-07-1989: Adxudicación do posto 62, correspondendolle por tanto dezaseis anos de concesión.

PRP2024/1038

Dáse conta do escrito presentado por Dona Raquel Albadalejo Bermejo, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía, solicitando apertura da praza de abastos o 28 de marzo, Xoves Santo:

Visto o informe do Servizo de Mercados, no que se indica que na Orde do 27 de setembro de

2023, da Consellería de Economía, Industria e Innovación, establece os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2024, no cal se contempla o 28 de marzo, como día habil de apertura de establecementos comerciais, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/0840

Dáse conta do informe emitido polo Departamento de Medio Ambiente sobre a prefacturación en concepto de custes asumidos pola xestión dos RAEE de tipo A3 do PRM do Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao primeiro trimestre dee 2023, en virtude do acordo Plenario de 24 de setembro de 2009 polo que se acorda a adhesión do Concello ao Convenio marco de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX) de Residuos de Aparellos Eléctricos e Radioeléctricos, (RAEE), prorrogado o 15 de xaneiro de 2015. A Xunta de Goberno Local préstalle aprobación e acorda que se emita a correspondente factura á Empresa ECOTIC que se encarga da recollida dos RAEE de tipo A3 por importe de 451,97 €

PRP2024/0841

Dáse conta do informe emitido polo Departamento de Medio Ambiente sobre a prefacturación en concepto de custes asumidos pola xestión dos RAEE de tipo A1 e A2 do PRM do Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao primeiro trimestre dee 2023, en virtude do acordo Plenario de 24 de setembro de 2009 polo que se acorda a adhesión do Concello ao Convenio marco de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX) de Residuos de Aparellos Eléctricos e Radioeléctricos, (RAEE), prorrogado o 15 de xaneiro de 2015. A Xunta de Goberno Local préstalle aprobación e acorda que se emita a correspondente factura á Empresa ECOLEC que se encarga da recollida dos RAEE de tipo A1 e A2 por importe de 962,12 €

PRP2024/0842

Dáse conta do informe emitido polo Departamento de Medio Ambiente sobre a prefacturación en concepto de custes asumidos pola xestión dos RAEE de tipo A4 do PRM do Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao primeiro trimestre dee 2023, en virtude do acordo Plenario de 24 de setembro de 2009 polo que se acorda a adhesión do Concello ao Convenio marco de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX) de Residuos de Aparellos Eléctricos e Radioeléctricos, (RAEE), prorrogado o 15 de xaneiro de 2015. A Xunta de Goberno Local préstalle aprobación e acorda que se emita a correspondente factura á Empresa ECOASIMELEC que se encarga da recollida dos RAEE de tipo A4 por importe de 251,33 €

TURISMO

PRP2024/0895

A Deputación Provincial de Pontevedra publicara as BASES PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2023, que se achegan con esta proposta.

A Concellería de Turismo propuxo á Xunta de Goberno a solicitude desa axuda xa que a Oficina Municipal de Turismo está adherida a á rede de INFO RÍAS BAIXAS.

Logo a Deputación Provincial publicou, no BOP do 21/04/2023, a resolución desa convocatoria, na que figura unha axuda ao Concello de Vilagarcía por importe de 14.000 €.

A subvención financia os custos salariais de persoas empregadas públicas que presten servizos de atención ao público e información e oficinas de turismo. É dicir, non se require a contratación de máis persoal, a subvención pode ser xustificada cos custos salariais das persoas que xa están a prestar ese servizo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a xustificación da subvención e que a mesma se faga imputando os gastos salariais de M^a de los Ángeles Fernández del Río e Ana Belén García Rodríguez, persoal laboral do concello, que presta os servizos a xornada completa na Oficina Municipal de Turismo. De acordo coa documentación que figura no expediente, emitida polo departamento de Recursos Humanos do concello, os gastos desas dúas contratacións, durante do ano 2022, foron 83.049,32 € (incluída a Seguridade Social a cargo da empresa).

PRP2024/0911

A Deputación Provincial de Pontevedra publicou as BASES REGULADORAS PARA A CONPARA A FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO NAS OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE OFICIAL DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS NO ANO 2024

Poden solicitar a subvención os concellos que teñan unha oficina de información turística adherida á Rede de Oficinas de Turismo Info Rías Baixas, que é o caso de Vilagarcía.

A subvención financia os custos salariais de persoas empregadas públicas que presten servizos de atención ao público e información e oficinas de turismo durante o ano 2024. É dicir, non se require a contratación de máis persoal, a subvención pode ser xustificada cos custos salariais das persoas que xa están a prestar ese servizo..

A contía da axuda pode acadar os 14.000 € no caso de que se subvencionen os custos derivados de dúas persoas informadoras nas oficinas de turismo.

